



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABECE UN RÉXIME TRANSITORIO EXCEPCIONAL EN RELACIÓN CO APARTADO V.7 DA RESOLUCIÓN REITORAL DE 6/2/2009, SOBRE TRÁMITES ECONÓMICOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN LABORAL CON CARGO A CRÉDITOS DO CAPITULO VI DO ESTADO DE GASTOS (PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN, CONVENIOS, AXUDAS ETC.)

O Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, introduce modificacións importantes na regulación dos contratos de traballo de duración determinada. Esta nova regulación afecta á formalización das relacións laborais no Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

A Disposición Transitoria cuarta do antedito RDL 32/2021 establece un réxime transitorio de aplicación aos contratos de duración determinada celebrados entre o 31/12/2021 e o 30/03/2022.

Neste contexto, e para a tramitación destes contratos, que deberán ter data de inicio anterior ao 30/03/2022, faise preciso establecer no ámbito da UDC un réxime transitorio excepcional en relación cos trámites de alta en nómina e na Seguridade Social regulados pola Resolución Reitoral do 06/02/2009, sobre trámites económicos administrativos en materia de contratación laboral con cargo a créditos do capítulo VI do estado de gastos (proxectos de investigación, convenios, axudas, etc.).

En vista do que antecede, e ao abeiro do establecido no artigo 34 dos Estatutos da Universidade da Coruña,

RESOLVO:

Establecer un réxime transitorio excepcional en virtude do que, desde a entrada en vigor desta Resolución ao 29/03/2022, poderanse formalizar contratos calquera día hábil do mes, respectando en todo caso os prazos establecidos no apartado V.4 da Resolución de referencia.

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC

Asinada dixitalmente polo reitor

Código Seguro De Verificación	rmxqkcZV5lnkg55JGgJsvg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	07/02/2022 10:38:21
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rmxqkcZV5lnkg55JGgJsvg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

